

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ASISTENCIAL TDAH SALNÉS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Asociación Asistencial TDAH Salnés, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á data da súa sinatura e terá duración ata o remate do curso académico 2018/19, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Asistencial TDAH Salnés, nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, impulsada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise



explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade.

2. Que a Asociación Asistencial TDAH Salnés é unha asociación sen ánimo de lucro que ten como finalidades:

- a) Atención a persoas con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade
- b) Atención anenos/as con dificultades de aprendizaxe.
- c) Formación de profesionais en TDAH.
- d) Escola de pais e nais con fillos afectados polo TDAH.
- e) Sensibilización e información xeral sobre o trastorno.

3. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura.

